



## **BASES CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PROFESORADO DE CICLOS MEDIOS E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA XANEIRO-XUÑO 2018**

PROXECTO MOBILIDADE ERASMUS+ 2016-2018  
**“Next Station: Improving Professional Skills in Galicia”**  
**NÚM. PROXECTO: 2016-1-ES01-KA102-024869**

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA  
FORMACIÓN DE PERSONAL (PRÁCTICAS OU APRENDIZAXE POR OBSERVACIÓN) EN  
PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.

### **CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel**

Praza da Lexión, s/n

32002 Ourense

Teléfono: 988 788 470

[cifp.carballeira@edu.xunta.es](mailto:cifp.carballeira@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/cifpcarballeira/>



## BASES DA CONVOCATORIA

---

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa abre unha convocatoria para asignar prazas de mobilidade de 7 días e prazas de mobilidade de 1 mes para formación de profesorado (en forma de prácticas o aprendizaxe por observación/período de observación en el extranjero en una empresa o en calquera outra organización de FP en posesión de Carta ECHE) para profesorado de Ciclos Medios de Formación Profesional e Formación Profesional Básica durante o presente curso, con destino en calquera dos CIFP e IES participantes no proxecto.

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA1) de Mobilidade de Estudiantes de Formación Profesional (ciclos de grao medio/ensinanzas especiais) do Programa ERASMUS+ e, xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

O proxecto consiste na realización dunha mobilidade de sete días ou un mes de visita/observación/prácticas, NON REMUNERADAS, en empresas relacionadas cos estudos impartidos nas familias profesionais ofertadas no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no estranxeiro que axude a mellorar o seu labor docente, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

O CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, a través da Coordinación de Programas Europeos, asesorará en todo o proceso ao profesorado. Tamén apoiará a difusión dos resultados obtidos con estas mobilidades.



## 1. ASPECTOS XERAIS

---

### Dirixido:

Ó profesorado que imparte módulos de grado medio ou formación profesional básica dos ciclos ofertados no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, coordinadores, xefes de departamento e membros do equipo directivo.

### Lugar:

O profesorado que participe na convocatoria promoverá a realización de convenios con empresas ou centros de ensino do seu interese, sempre que estes cumpran cos criterios da convocatoria. A Coordinación de Programas Internacionais xunto cos departamentos e a Dirección valorará dito cumprimento.

## 2. PERÍODO DE REALIZACIÓN:

---

A mobilidade se desenvolverá no período entre **Xaneiro - Xuño 2018** sempre baixo a aprobación da dirección do seu centro.

## 3. DURACIÓN:

---

Dúas modalidades:

- Mobilidades de 7 días de duración.
- Mobilidades de 1 mes de duración.

## 4. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O PROFESORADO:

---

- **BOLSAS ERASMUS+:** (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar)



- Referencia de axudas para algúns dos países do programa

PAÍS	ESTANCIA	VIAXE
Alemania	1 semana - 420 € / 1 mes 1596 €	275
Italia	1 semana 490 € / 1 mes 1862 €	275
Finlandia	1 semana 490 € / 1 mes 1862 €	360
Francia	1 semana 490 € / 1 mes 1862 €	275
Portugal	1 semana 420 € / 1 mes 1596 €	180 ( Madeira 275)
Polonia	1 semana 490 €	360
Irlanda	1 semana 560 € / 1 mes 2128 €	275
Reino Unido	1 semana 560 € / 1 mes 2128 €	275

## 5. CRITERIOS E COMITÉ DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS:

---

### 5.1 - COMITE DE SELECCIÓN:

- Director do centro.
- Xefe da área de calidade, innovación e orientación profesional.
- Xefe do departamento de calidade e innovación.
- Xefe do departamento de orientación profesional.
- Coordinadora de programas internacionais.
- Xefes dos departamentos didácticos.

Se algún dos membros do Comité de selección presentase unha solicitude de participación, será excluído do mesmo.

A función de este comité é realizar unha proposta de selección. A asignación definitiva das prazas corresponderá á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, logo da recepción da proposta do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel.

### 5.2 - CRITERIOS DE SELECCIÓN

As mobilidades dispoñíbeis para realizar estas prácticas asignaranse ás persoas interesadas, logo da presentación da súa solicitude, que será baremada segundo os seguintes criterios:

- a) Ter realizado a participación en proxectos de mobilidade no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel non sendo seleccionado (2 puntos).**



**b) Idoneidade do proxecto de mobilidade e impacto no centro (ata 3 puntos).**

**c) Presentación do “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización da mobilidade (5 puntos)**

**d) Praza definitiva no centro (3 puntos).**

\* Para a acreditación da praza definitiva no centro solicitarase ao secretario a certificación correspondente.

**e) Competencia lingüística en idiomas (non oficiais no estado español) acreditada documentalmente (ata 3 puntos).**

- B2 (MERL) ou superior idioma país destino: 3
- B2 (MERL) ou superior inglés: 2
- B1 (MERL) país destino: 1,5
- B1 (MERL) inglés: 1
- B1 (MERL) outro idioma: 0,75
- A2 (MERL) outro idioma: 0,25

**Nota 1:** No caso de empate na baremación entre candidatos valorarase:

1. Antigüidade no centro.
2. Se persiste o empate determinarase por sorteo.

**Nota 2:** No caso de profesorado beneficiario de bolsa de axuda en calquera das convocatorias de mobilidade no Programa Erasmus+ do centro no dous últimos anos formará parte de outra lista secundaria diferente ao profesorado que non foi beneficiario nesas convocatorias.

O profesorado da lista secundaria poderá ser beneficiario dunha bolsa sempre e cando non haxa candidatos na lista de profesorado que non participara nas dúas derradeiras convocatorias. Ademais, o profesorado da lista secundaria non será tido en conta para a puntuación referida no criterio “a”.

**Nota 3:** O profesorado do CIFP só poderá ser beneficiario dunha bolsa que xestione o centro nun mesmo curso escolar.



## 6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

---

O profesorado interesado poderá entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o 20 novembro ao 1 de decembro de 2017 antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria. Xunto ao impreso de solicitudes entregárase:

1. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
2. Documentos acreditativos de participación en programas/proxectos internacionais.
3. Acreditación do ano de oposición.
4. Proxecto de mobilidade (Anexo II desta convocatoria).
5. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo III).

A valoración dos proxectos (apartado 'b' dos criterios de baremación) será anónima, de xeito que o comité de selección non terá coñecemento do solicitante de cada proxecto valorado. As solicitudes deberán, para isto, cumprir unha serie de requisitos:

- Deben presentarse cubertas dixitalmente empregando a fonte arial de tamaño 10. **As solicitudes manuscritas serán excluídas.**
- Se entregarán na secretaría, e deberán estar impresas a **simple cara**.
- Poderase valorar como compromiso de acollida outro documento distinto ao Anexo III da convocatoria sempre e cando a comisión de selección considere dito documento como acreditativo pola parte da empresa ou institución de acollida do solicitante.



## **7. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA**

---

O Comité de Selección constituído no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel baremará as solicitudes presentadas segundo os criterios reflectidos no punto 5.2.

Finalizado o proceso de baremación, asignará as prazas ofertadas aos solicitantes, en función da puntuación obtida e, a continuación, elevará a proposta de asignación á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, a quen lle corresponde a adxudicación definitiva.

A Comisión de Selección publicará antes das 14:00h do día 15 de decembro do 2017 o acta de resolución na web e no taboleiro de anuncios do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, que comprenderá lista de adxudicacións, lista de espera e candidatos non aptos.

Se por causa xustificada algún solicitante seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasarase a cubrir segundo a orde da listaxe de espera.

Ourense , 20 de novembro do 2017

D. Vicente Ribao Docampo  
Director do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel



## ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

### MOBILIDADE DE PROFESORADO PARA FORMACIÓN

PROXECTO MOBILIDADE 2016-2018: 2016-1-ES01-KA102-024869

CONVOCATORIA ERASMUS+ : **XANEIRO-XUÑO 2018**

DATOS DO/A CANDIDATO/A			
Apelidos		Nome	DNI:
Enderezo			
Tel. fixo		Tel. Móbil	
Email			
Especialidade		Modalidade solicitada	7 días <input type="checkbox"/> 1 mes <input type="checkbox"/>
Ano oposición		Antigüidade no Centro	
Participación anos anteriores quedando en lista de espera:	NON <input type="checkbox"/>	2015-16 <input type="checkbox"/>	2016-17 <input type="checkbox"/>

IDIOMAS			
Mínimo participación A2	Inglés <input type="checkbox"/>	Outro:	
Idioma		B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/> Superior <input type="checkbox"/>
Idioma		B2 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/> Superior <input type="checkbox"/>
Idioma		B2 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/> Superior <input type="checkbox"/>

PAIS DE DESTINO			
Presenta "Compromiso de acollida da empresa" (Anexo II). SÍ <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	Nome do centro		
Correo electrónico	Enderezo		
Nome contacto:	País	Teléfono	

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA
<p>Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ "Next Station: Improving Professional Skills in Galicia" NÚM PROXECTO: 2016-1-ES01-KA102-024869</p> <p>No caso de seren seleccionado, asumo a responsabilidade de realizar a estadía no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadía.</p>
<p>Ourense a de 2017</p> <p>Asdo.</p>

Comisión de Selección de Mobilidades para prácticas de Ciclos de Grao Medio e FP Básica





## Anexo II

PROXECTO DE MOBILIDADE	
Obxetivos xerais	
Valor engadido para o Centro	
Resultados previstos e impacto da estadia	
Descrición das posibles actividades	
Outras	



## **Annex III**

### **Training commitment**

*Name of the candidate:*  
*Personal ID n°:*

I, ....., as legal representative of the  
 company.....,  
 with VAT number.....I commit to welcoming  
 ..... as a "staff mobility for  
 training" participant, within the Erasmus + Programme, in the period  
 .....2017.

**FOR THE HOST ORGANISATION**

*Name:*  
*Position:*  
*Telephone:*  
*E-mail:*

Place / date: